

Por veces os artistas conseguen conectar de tal xeito coa sensibilidade estética e sociohistórica do lugar/ tempo que lles tocou vivir que esa creatura súa acaba por se constituir nun compendio de todo o seu quefacer, de maneira que citar a obra vén sendo o mesmo que amentar o propio autor ou, dito doutro modo, referir unha é o mesmo que lembrar o outro. Isto é o que lle acontece, a meu ver, a Xosé Neira Vilas e a súa arquiñecida *Memorias dun neno labrego*, narración que funciona como popularizada sinécdoque do conxunto da súa obra e que agora cumpre medio século.

Para conmemorar tal efeméride, Galaxia acaba de publicar unha nova edición deste libro fulcral, volume co que inicia, admais, a Biblioteca Neira Vilas no seu catálogo editorial.

Non cabe dúbida, pois, da extraordinaria importancia que este texto ten dende o punto de vista histórico-literario, nin tampouco poden negarse os seus valores estilísticos e temáticos, sobre todo pola comunión identificativa que, dende o literario pero indo alén del, este título logrou con miles de galegas e galegos dende hai décadas.

Ora ben, limitar a consideración da traxectoria dun escritor a unha única obra, por moi brillante que esta

sexa, non deixa de ser unha simplificación. Certamente, *Memorias...* ten gañado por dereito propio un lugar de honra entre os clásicos literarios galegos, mais o de *Gres* leva publicado nestes últimos sesenta anos outros textos que non deixan de ser clave na súa produción e, tamén dalgunha maneira, nos letras galegas do tempo noso. Son esoutros Neira Vilas sobre os que me gustaría chamar a atención, pois só téndooos tamén presentes poderemos ponderar acadamente o valor literario que o legado autorial do pontevedrés encerra.

Máis alá da narrativa realista social de obras como *Memorias...*, *Xente no rodicio* (1965), *Camiño bretemoso* (1967) ou *Remuíño de sombras* (1973), Neira Vilas publicou dous libros de relatos que, polo forte simbolismo e as logradas alegorías, supoñen unha valiosa achega: contos como "A muller de ferro" (do libro homónimo publicado en 1969) ou, poño por caso, "Alameda" ou "Casa" (do volume *O home de pau*, 1999), son a mellor mostra de como ao longo de trinta anos o autor foi labrando unha escrita lúcida sobre o caos das urbes da sociedade moderna e as miserias ás que esta nos arrastra, vía narrativa que se desenvolveu en paralelo a esa outra súa ben máis (re)coñecida que finca na recreación da problemática do rural a súa razón de ser, aposta esta última que non debe escurecer a solidez de textos tan rotundos como aos que aludo.

## Desoutros Neira Vilas

50 anos das *Memorias dun neno labrego*

ARMANDO REQUEIXO

Do mesmo xeito, tampouco está demais recordar que Neira Vilas ensaiou a prosa poética en libros como *Lar* (1974), *Nai* (1980) e *Pan* (1986) e que é un poeta con medio século de oficio e varios títulos ás costas: *Dende lonxe* (1960) *Inquedo latexar* (1969), o volume compilatorio *Poesía recadada* (1994) e mais *Dende Gres* (2004), probablemente o mellor dos seus títulos neste xénero.

De por parte, o autor é tamén un destacado ensaísta e, no tocante á presenza dos galegos e a súa cultura na illa de Cuba, un referente e unha autoridade no tema, sobre o que ten publicado monografías fundamentais como os tres volumes de *Memorias da emigración* (1994, 1995 e 1996) ou as *Crónicas galegas de América* (1999, 2000 e 2001), entre moitos outros.

Por remate, a radiografía autorial ficaría incompleta se non se subliñase o meritório do seu labor como tradutor. Grazas ao seu esforzo, hoxe podemos ler en galego textos como *A historia absolvemente* (1990) de Fidel Castro, *A Idade de Ouro* (1991) de José Martí, *Deprendendo a tirar soldado* (1997) de Claudio Guillén ou *O camiño de Santiago* (1993) de Alejo Carpentier.

Do que deixo escrito coído se desprende claramente a necesidade de restituir unha visión integral da traxectoria literaria de Xosé Neira Vilas que, ademais de aplaudir tantas veces como for preciso a mestría indiscutible das *Memorias dun neno labrego*, nos devolva o retrato de corpo completo dun autor aínda moito máis vizoso e variado do que as divulgacións populizadoras nos quixeron facer crer. Cómpre recuperar esoutros Neira Vilas, pois con eles rescataremos asemade moitas páxinas estimables da nosa historia literaria.

